

MARE

ESP: MARE es un grupo familiar gallego fundado en 1976, con sede en la ciudad de Vigo.

Lo conforman más de 280 personas, de 11 nacionalidades, y empresas e inversiones localizadas en cuatro continentes. Su cifra de negocio supera los 123 millones de euros anuales.

La principal actividad es el transporte y la logística de mercancías, por lo que gestiona terminales portuarias o almacenes avanzados para automoción, además de que presta servicios transitarios, aduaneros o de fletamento de buques, entre otras actividades. Actualmente, se están impulsando las capacidades de ingeniería, digitalización e innovación, como palanca para una nueva fase de crecimiento a partir de la internacionalización y la diversificación de la actividad existente. La empresa más destacada es KALEIDO Ideas & Logistics.

Otra actividad del grupo es la inversión inmobiliaria, destacando en ella la adquisición y recuperación de edificios históricos.

Desde el inicio, el impacto social siempre ha sido una parte importante de la estrategia de MARE, destacando el apoyo a la investigación médica, al deporte, la educación y la cultura. Esos esfuerzos se canalizan mayoritariamente a través de la [Fundación BRETAL](#) y de otras iniciativas también propias, como la Editorial Serra da Groba.

La rehabilitación y puesta en valor del Mosteiro de Santa María de Oia es, por lo tanto, un proyecto de recuperación de un monumento histórico singular y único; pero también una forma de contribuir y dar ejemplo. Se busca recuperar el patrimonio material e inmaterial, ponerlo en valor y difundirlo, fijar población y servicios en el territorio a través de empleos de calidad gracias a un turismo respetuoso. Todo ello se realiza sin dejar de garantizar la viabilidad de la inversión y del modelo de negocio que se desarrollará.

Este proyecto se enfoca desde un grupo que tiene el conocimiento, la voluntad y la posición financiera para que el tiempo juegue a favor, y no en contra, de una recuperación que se espera que sea el orgullo de muchos.

Tanto KALEIDO Ideas & logistics como el Monasterio de Oia difunden, desde hace años, sus Memorias de sostenibilidad anuales, que reflejan públicamente las líneas de actuación de un plan que manifiesta el propósito de un equipo.

[MEMORIA SOSTENIBILIDAD](#)

GAL: MARE é un grupo familiar galego fundado en 1976, con sede na cidade de Vigo.

Confórmano máis de 280 persoas, de 11 nacionalidades, e empresas e investimentos localizadas en catro continentes. A súa cifra de negocio supera os 123 millóns de euros anuais.

A principal actividade é o transporte e a loxística de mercadorías, polo que xestiona terminais portuarias ou almacéns avanzados para automoción, ademais de que presta servizos transitarios, aduaneiros ou de fletamento de buques, entre outras actividades. Actualmente, están a impulsarse as capacidades de enxeñería, dixitalización e innovación, como panca para unha nova fase de crecemento a partir da internacionalización e a diversificación da actividade existente. A empresa máis destacada é KALEIDO Ideas & Logistics.

Outra actividade do grupo é o investimento inmobiliario, destacando nela a adquisición e recuperación de edificios históricos.

Desde o inicio, o impacto social sempre foi unha parte importante da estratexia de MARE, destacando o apoio á investigación médica, ao deporte, a educación e a cultura. Eses esforzos canalízanse maioritariamente a través da [Fundación BRETAL](#) e doutras iniciativas tamén propias, como a Editorial Serra da Groba.

A rehabilitación e posta en valor do Mosteiro de Santa María de Oia é, por tanto, un proxecto de recuperación dun monumento histórico singular e único; pero tamén unha forma de contribuír e dar exemplo. Búscase recuperar o patrimonio material e inmaterial, poñelo en valor e difundilo, fixar poboación e servizos no territorio a través de empregos de calidade grazas a un turismo respectuoso. Todo iso realízase sen deixar de garantir a viabilidade do investimento e do modelo de negocio que se desenvolverá.

Este proxecto enfócase desde un grupo que ten o coñecemento, a vontade e a posición financeira para que o tempo xogue a favor, e non en contra, dunha recuperación que se espera que sexa o orgullo de moitos.

Tanto KALEIDO Ideas & logistics como o Mosteiro de Oia difunden, desde hai anos, as súas Memorias de Sostenibilidade anuais, que reflicten publicamente as liñas de actuación dun plan que manifesta o propósito dun equipo.

[MEMORIA SOSTENIBILIDAD](#)

